

Criterios de corrección para o terceiro exercicio

O tribunal cualificador do proceso selectivo, convocado por resolución 1 de decembro de 2021, para cubrir unha praza da categoría profesional de técnico/a superior de tecnoloxías da información e das comunicacións, grupo I, pola quenda de acceso libre adoptou os seguintes acordos:

1. **PUBLICAR os criterios de corrección do terceiro exercicio**, convocado para o día 16 de marzo de 2024 ás 09.15 horas na Aula 9 da Facultade de Dereito (Facultade de Dereito, planta baixa. Campus Vida. Santiago de Compostela), que serán os seguintes:
 - ✓ O terceiro exercicio, obrigatorio e eliminatorio, Consistirá en resolver un suposto práctico, proposto polo tribunal e relacionado coas diferentes materias descritas nos bloques de coñecementos específicos que figuran no programa, procurando a debida proporción entre as partes que o compoñen.
 - ✓ O tempo máximo para a realización deste exercicio será de 5 horas.
 - ✓ Este exercicio cualificarase de 0 a 30 puntos e será necesario para superalo obter un mínimo de 12,5 puntos.
 - ✓ O tribunal avaliará a calidade técnica das solucións propostas, a sistemática, a capacidade de deseño, os coñecementos sobre o programa, a claridade, a orde de ideas e a calidade da expresión escrita.
 - ✓ A valoración de cada unha das preguntas formuladas polo tribunal figurará na folla de exame.
 - ✓ As persoas aspirantes disporán de tres (3) días hábiles, contados a partir do día seguinte á realización do exercicio, para presentaren reclamacións ás preguntas formuladas polo tribunal.
2. **APROBAR as instrucións de desenvolvemento do segundo exercicio:**
 - ✓ As persoas aspirantes deberán vir provistas dun documento oficial en vigor para acreditar a súa identidade (DNI, pasaporte ou permiso de conducir), así como bolígrafo para a realización do exercicio.
 - ✓ Non está permitido copiar, falar ou facer uso de teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro tipo de dispositivo electrónico, que deberán apagarse e gardarse antes de iniciarse o exercicio.

Santiago de Compostela, data de sinatura electrónica

O Presidente do Tribunal

José Manuel Velo García

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: JOSE MANUEL VELO GARCIA, NIF ***7178**, 12/03/2024 12:20:17.

CSV: 720A-445A-457A-B102